

Resolución do procedemento de inscrición da masa situada na Sofor Monte de Candedo (Concello de Meira) no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas

Antecedentes

1. O 31/05/2021 o presidente da Sofor Monte de Candedo, en representación dos integrantes da Sofor, en Meira, solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas
2. O día 31/01/2022 o Servizo de Montes de Lugo informou favorablemente a solicitude.
3. O día 25/02/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública os procedementos de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas de varios montes situados na provincia de Lugo, entre eles o da Sofor Monte de Candedo no concello de Meira.
4. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
5. Instruído o procedemento, prescínlese do trámite de audiencia, segundo o estipulado no apartado 4 do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
6. O 13/06/2022 o xefe do Servizo de Montes de Lugo formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición da **Sofor Monte de Candedo** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de
[DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL](#)
[CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL](#)
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546108
forestal.mediorural@xunta.gal



decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. A inscrición da **Sofor Monte de Candedo** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, unha vez se teña realizado o pagamento da correspondente taxa (artigo 13.6 do Decreto 167/2019), coas seguintes características:

Número de rexistro: 27014

Nome do monte: Sofor Monte de Candedo (Meira, Lugo)

Titular: Sofor Monte de Candedo

Superficie a inscribir: Un único couto redondo de 17,60 ha en total, que presenta unha idade media de 50 anos e unha fracción de cabida cuberta do 100%, ocupados por *Betula celtiberica*, *Castanea sativa*, *Quercus robur* e *Alnus glutinosa*.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
JOSÉ LUIS CHAN RODRIGUEZ
(Asinado dixitalmente)

